

PROGRAMACIÓN
2º CICLO
EDUCACIÓN INFANTIL

C.E.I.P VIRXE DO PORTAL

CURSO
2021/22

ÍNDICE

1.- INTRODUCCIÓN.....	3
1.1.- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO.....	3
1.2.- CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO.....	4
2.- OBXECTIVOS.....	9
2.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.....	9
2.2. OBXECTIVOS XERAIS DAS DISTINTAS ÁREAS.....	10
2.3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS.....	14
2.3.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: 3 ANOS.....	14
2.3.2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: 4 ANOS.....	17
2.3.3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: 5 ANOS.....	19
3.- CONTIDOS.....	23
3.1. CONTIDOS: 3 ANOS.....	23
3.2. CONTIDOS: 4 ANOS.....	28
3.3. CONTIDOS: 5 ANOS.....	32
4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	37
4.1. CRISTERIOS DE AVALIACIÓN: 3 ANOS.....	38
4.2. CRISTERIOS DE AVALIACIÓN: 4 ANOS.....	39
4.3. CRISTERIOS DE AVALIACIÓN: 5 ANOS.....	42
5.- AVALIACIÓN.....	45
5.1. AVALIACIÓN DA INTERVENCIÓN EDUCATIVA.....	45
5.2. MOMENTOS DA AVALIACIÓN.....	47
5.3. TÉCNICAS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	49
5.4. CARACTERÍSTICAS DA AVALIACIÓN.....	50
6.- CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS.....	51
7.- METODOLOXÍA.....	52
8.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	56
9.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	58
10.- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	59
11.- CONCRECIÓN DAS TICS.....	59
12.- RECURSOS DIDÁCTICOS.....	60
13.- ACTIVIDADES COMÚNS PARA REALIZAR AO LONGO DA EDUCACIÓN INFANTIL.....	62
14.- SITUACIÓNS EXCEPCIONAIS DERIVADAS DA COVID-19.....	64
15. PERIODO DE ADAPTACIÓN.....	64

1.- INTRODUCCIÓN.

1.1.- CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO

Atopámonos nunha zona rural; nun **CEIP con 2 unidades de Educación Infantil e 3 de Educación Primaria**, situado na parroquia de Sobrado dos Monxes (A Coruña). Socioculturalmente, a zona pódese caracterizar, en termos xerais, como pertencente a un estrato medio ou medio-baixo. A poboación desenvolve o seu labor fundamentalmente no sector, rural industrial e de servizos.

Este curso, o 2º ciclo de Educación Infantil está formado por dúas unidades (4º curso de Educación Infantil e 5º/6º curso de educación Infantil):

- 4º curso de Educación Infantil : 8 alumnos/as
- 5º curso de Educación Infantil: 6 alumnos/as
- 6º curso de Educación Infantil: 5 alumnos/as

Neste ciclo as titoras son Mónica López Neira e Deisy Fernández Fernández (esta última, substituta da titular Iria Noya Pumar).

Ademais das mestras titoras, imparten clase os seguintes mestres/as especialistas:

- María Jesús García Montes (A.L)
- Iria María Fontao Vázquez (Música)
- Carlos Lombao Gómez (Lingua extranxeira: Inglés)
- Manuel Lodeiro Miragalla (Relixión)
- María Ángeles Arias Nogueira (Psicomotricidade)

A presenza dunha nena coa Síndrome Triple X, require do apoio dunha coidadora así como do apoio da especialista de Audición e Linguaxe.

Despois de levar a cabo un estudo sobre a realidade lingüística do centro e a valoración inicial da enquisa facilitada polas familias sobre a lingua materna, debemos decir que a lingua materna (na maioría dos casos) é o galego, polo que, para tratar de compensar as diferenzas co castelán, empregaremos como lingua de ensino-aprendizaxe a galega; coidando de que o alumnado adquira de forma oral e escrita a outra lingua oficial de Galicia (Decreto 79/2010 sobre oplurilingüísmo).

En canto as súas instalacións cumpre coas esixencias na lexislación vixente e o centro conta cun **horario de xornada partida** sendo o seu horario de 10:20 a 16:30 horas. Dispón do **servizo complementario** de transporte escolar e comedor.

Por outra banda dicir que, para afrontar con éxito a labor docente debemos coñecer moi de preto as características dos nenos/as ós que vai dirixida a programación. Por iso se considera imprescindible ter un coñecemento dos **aspectos psicoevolutivos** que presentan.

1.2-CARACTERÍSTICAS DEL ALUMNADO DEL 2º CICLO DE EDUCACION INFANTIL.

Seguindo a lexislación vixente, a continuación analizaranse os distintos ámbitos que axudan a lograr un bo desenvolvemento integral dos nenos/as desta idade. **A nivel psicomotor** o movemento e os desprazamentos son as principais fontes de coñecemento e experimentación. Seguindo a OSTERRIETH atópanse no terceiro estadio do desenvolvemento. **A nivel cognitivo**, seguindo a PIAGET atópanse no período preoperacional, no que o pensamento infantil está dominado pola irreversibilidade, centración, un pensamento intuitivo, estaticismo, egocentrismo (realismo, fenomenismo, finalismo, artificialismo, animismo), razoamento transductivo (xustaposición e sincretismo); período do pensamento preconceptual; da función simbólica; alcance do concepto de conservación do obxecto.etc. O espazo continua centrado en si mesmo e a causalidade é de tipo máxico-fenoménica. **A nivel socio-afectivo**, segue a ser importante a figura/s de apego, comezando a haber un intento por establecer relacións cos iguais e con adultos descoñecidos, o que favorece o proceso de socialización. Adquiren o sentimento de identidade persoal, comezan a separarse do medio e como medio de autoafirmación soen desobedecer: crise da oposición. Seguindo a WALLON, atópanse no estadio do personalismo. **A nivel lingüístico**, a adquisición da linguaxe será fundamental na socialización, posto que será a ferramenta fundamental na relación co grupo social. Atópanse na etapa dos “por qués”.

Momento de desenvolvemento fonolóxico, adquisición léxico-sintáctica e aumento da comprensión.

Nivel 3 anos

Aos 3 anos, o neno evolucionou en todos os aspectos. Estas son as características máis significativas.

CONTROL PSICOMOTRIZ

A motricidade grosa: o movemento gañou en soltura, en espontaneidade e en harmonía. A súa maior satisfacción é moverse dun lado para o outro, gústalle correr, poñerse nas puntas dos pés, subir e baixar escaleiras, abanearse, pedaleo no triciclo, darlle patadas a un balón, cortar con tesoiras (sen punta), coller a pelota coas dúas mans...É un neno que necesita moitas e variadas actividades psicomotrices.

LINGUAXE

A súa linguaxe oral vaise facendo cada vez máis expresiva, amplían o seu vocabulario, definen palabras e fan frases cada vez máis longas. Falan en voz alta para regular as súas accións e desenvolven a imaxinación, inventando historias e dándolles vida a obxectos inanimados. Nesta etapa o máis salientable son os monólogos e as constantes preguntas, a idade do por qué, ás que os adultos moitas veces non atopan resposta.

Estas son algunhas das súas adquisicións: responde «si» ou «non» axeitadamente; atende durante 5 minutos a lectura dun conto; realiza dúas ordes que non se relacionan; dálle nome ao seu traballo creativo; di o seu nome completo; pregunta e responde utilizando: «que, quen, onde, como, por que»; relata e explica as súas experiencias; utiliza o plural rematado en «s»; sabe explicar como se usan os obxectos máis comúns; expresa accións futuras; utiliza artigos determinados (o, a) e indeterminados (un, unha); utiliza preposicións, conxuncións, adxectivos; pronomes, atributos de tamaño, cantidade e calidade.

AUTONOMÍA

A autonomía é moito maior: come e bebe só, colle a culler, pon o babeiro e gárdao, mastiga correctamente, bebe, lava as mans, colabora activamente no vestirse, aprende a poñer algunhas pezas de roupa sen axuda e mesmo comeza

a abrochar os botóns, colga a súa roupa, lava as mans el só, peitéase con máis ou menos destreza, refrega os dentes co cepillo mentres imita o adulto, dorme só, controla esfínteres de día e comeza a controlalos de noite, evita pequenos riscos.

SOCIABILIDADE

A medida que progresan no seu desenvolvemento intelectual e adquiren máis recursos comunicativos incrementanse as súas relacións con outros nenos e nenas, comezan a formar pequenos grupos e manteñen un vínculo afectivo co mestre ou mestra, por quen necesitan sentirse aceptados e queridos.

COGNICIÓN

Atópase na etapa preoperacional, caracterizada por: egocentrismo, animismo, xustaposición, centralización, realismo e irreversibilidade. O coñecemento está ligado ao desenvolvemento sensoriomotor. É quen de nomear obxectos grandes e pequenos. Sinala partes do corpo obedecendo unha orde. Xunta dúas partes dunha figura para facer un todo. Sabe os personaxes dun conto. Conta ata 3. Di dous obxectos que van xuntos. Segue unha secuencia sinxela de tamaño ou cor. Nomea 3 cores. Recoñece 3 formas xeométricas. Busca un obxecto igual a outro. Debuxa un cadrado imitando o adulto.

Nivel 4 anos

Aínda que consideramos que en todos os aspectos evolutivos da personalidade infantil cada neno e cada nena teñen os seus peculiares avances e retrocesos, pasando por eles non sempre á mesma idade, damos a seguir unha serie de características propias desta idade.

En termos xerais, a característica máis peculiar nos nenos e nas nenas de catro anos é o seu espectacular desenvolvemento, tanto no aspecto físico coma no intelectual.

ASPECTO FÍSICO

A partir dos catro anos adoita comezar unha etapa no crecemento, que se caracteriza polo que normalmente coñecemos como o «estiramento». As formas redondeadas, propias do bebé, atenúanse considerablemente e as súas pernas alónganse e fortalécense. Adoitan medrar ao ano entre catro e cinco centímetros

e non adoitan engordar. A súa actividade física aumenta, progresando en axilidade e reflexos.

As consultas rutineiras co pediatra hannos axudar a valorar se está dentro das pautas normais.

MOTRICIDADE FINA

Dende o final do terceiro ano comezan a amosar máis precisión nos seus traballos ao irse desenvolvendo –de forma bastante fidedigna– a súa habilidade manual. É quen de utilizar as tesoiras con bastante precisión e de colorear sen saír dos límites establecidos.

LINGUAXE

A súa linguaxe adoita ser moi imaxinativa e expresiva. Fala moito e gústalle inventar palabras. Goza coa linguaxe rítmica e cos xogos de palabras. Adoita ter bastantes erros gramaticais nas súas expresións verbais, nas que inclúe xa oracións compostas e bastante complexas. Gústalle recitar poemas e relatar contos sinxelos.

AUTONOMÍA PERSOAL

Os seus hábitos de saúde e de autonomía persoal van mellorando considerablemente, aínda que, dado que están nunha etapa favorable ás aprendizaxes, debe insistirse constantemente nas formas, nos modos e nos tempos en que se deben realizar aqueles hábitos que consideremos máis necesarios e significativos.

Vestirse, bañarse, peitearse, comer... adoitan ser actividades que xa fai só, pero que os adultos deben vixiar para evitar que adquiran malos costumes, froito de malos entendidos debidos ás súas constantes distraccións ou á súa capacidade, ás veces, autodidacta.

SOCIALIZACIÓN

É esta unha etapa de bastante inestabilidade emocional, na que as súas relacións afectivas se diferencian e matizan.

Adoita gozar coa compañía dos compañeiros e dos amigos pero, ás veces, aínda non controla os seus impulsos e pode haber pelexas.

Coopera con dous ou tres compañeiros, pero en períodos curtos de tempo.

Faise o tímido, ás veces, ante persoas descoñecidas.

Coas persoas que van á casa, intenta captar a súa atención sempre que pode. Pide axuda cando ten algunha dificultade.

Nivel 5 anos

Os nenos e as nenas de 5 anos, respecto aos dos de niveis anteriores, tiveron un progreso considerable en varios aspectos. Salientamos os máis significativos.

Observan con interese o mundo que os rodea e interésanse pola utilidade das cousas, a súa orixe e os procesos biolóxicos: o desenvolvemento das plantas, o nacemento dos bebés, as aventuras nos mares e noutras latitudes.

O seu sentido da realidade evolucionou. Por iso, parécenos menos creativo e é que está descubrindo a diferenza entre realidade e fantasía, e así vemos que os seus debuxos se axustan ao real e que se esforza en que sexan recoñecidos polo adulto. Ao utilizaren a cor, procuran adaptarse ao que ven e abandonan os soles vermellos, as árbores azuis, etc.

A representación da figura humana tamén evoluciona: é máis completa, con detalles da vestimenta; neste aspecto, obsérvanse diferenzas nas producións de nenos e de nenas. Interésalles o que non se ve do corpo (órganos e funcións) e amosan curiosidade pola diversidade sexual.

CONTROL PSICOMOTRIZ

Os seus movementos son máis seguros e estables, e teñen conciencia do perigo. A súa motricidade fina é boa, recorta con soltura, anoa cordóns, realiza grafos, etc.

Recoñece e aplica situacións espaciais referidas ao seu corpo e aos obxectos entre si.

LINGUAXE

Utilizan a linguaxe oral como verdadeiro medio de comunicación. Expresan sentimentos, desexos e pensamentos cada vez con maior precisión, claridade e detalle. Gústanlles os relatos longos e os contos fantásticos espertan o seu interese.

En canto á linguaxe escrita, comezan a ler e a escribir algunhas palabras e interézanse por interpretar códigos, sinais, carteis, etc.

AUTONOMÍA

Día a día, realizan máis cousas sós: vestirse e espirse, utilizar os aseos sen axuda e están preparados para asumir pequenas responsabilidades con agrado: poñer a mesa, preparar a bolsa de deportes, mercar sós algunhas cousas etc.

SOCIABILIDADE

Están na etapa do xogo socializado, compartindo materiais e situacións de xogo. Gozan en xogos de competición e comezan a aceptar as súas regras e outras propostas polo docente ou por eles mesmos.

Participan en xogos de mesa e son capaces de dedicarlles a súa atención en períodos máis longos cada vez.

Valoran a amizade e, ás veces, déixanse influenciar por opinións e actitudes de amigos.

O seu pensamento afástase do egocentrismo de niveis anteriores e vai amosando empatía, de forma que pode chegar a acordos que facilitan a convivencia.

COGNICIÓN

Séntense atraídos polos números, tanto pola cantidade coma polo grafo, e utilízanos para resolver algunhas operacións e situacións problemáticas sinxelas.

Discriminan tamaños; realizan seriacións de varios elementos e clasifican obxectos atendendo a tres criterios simultáneos: forma, tamaño e cor.

Os conceptos temporais resúltanlles máis comprensibles, sobre todo se se relacionan con acontecementos de distinto tipo.

En canto ás cores, recoñece todas e percibe algunha tonalidade.

2. OBXECTIVOS

2.1 OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA.

Os obxectivos que aparecen a continuación preséntanse no formato de obxectivos xerais, é dicir, non son directamente observables nin avaliábeles, xa

que a súa consecución prográmase para toda a etapa. Establecen as capacidades ou competencias que se espera teñan adquiridas nenos/as, como consecuencia da intervención escolar, ao rematar a etapa. O Decreto 330/2009 do 4 de xuño, polo que se establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, dinos que esta etapa contribuirá ao desenvolvemento dos seguintes obxectivos xerais:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación , información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

2.2 OBXECTIVOS XERAIS DAS DISTINTAS ÁREAS

Son prescritivos xa que aparecen recollidos no Decreto 330/2009 do 4 de xuño, estes obxectivos refírense tamén ás capacidades que se espera teña adquiridas o alumnado ao finalizar a etapa, como consecuencia da intervención escolar ao traballar as tres áreas de coñecemento da Educación Infantil.

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a

través da interacción coas outras persoas, desenvolvemento sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.

- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar, tamén, os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o seu propio comportamento ás necesidades e requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración, evitando comportamentos de sumisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

- Observar e explorar de maneira activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionalos cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade á que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega –expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.
- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo

relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais –o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos; expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas... con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar neste intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.
- Comprender, reproducir, reescribir tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita, e recrear textos.
- Facer uso da biblioteca valorándoa como fonte de información e como fonte de pracer.

- Potenciar a capacidade creativa a través das linguaxes artísticas para imaxinar, inventar, transformar... desde as súas ideas, sentimentos, experiencias, coñecementos...
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas expresadas en distintas linguaxes, comunicándose creativamente a través das diferentes manifestacións e adquirindo sensibilidade estética.
- Desenvolver o sentir de autoconfianza nas producións artísticas persoais, amosando interese pola súa mellora, respectando e valorando as creacións propias e as das demais persoas.
- Achegarse ao coñecemento, emprego e valoración das TIC ; ordenadores, a internet, encerado dixital interactivo, escáner, vídeo...- como ferramentas de busca de información, creación expresión e comunicación.

2.3 OBXECTIVOS DIDÁCTICOS

Estableceremos a continuación os obxectivos que pretendemos que os nenos/as acaden e traballen ó longo do curso escolar 2021-2022, á hora de acadalos deberemos ter en conta que contamos na aula con nenos e nenas de niveis diferentes, por iso, teremos que adaptalos ás posibilidades e características de cada un deles.

2.3.1. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: 3 ANOS.

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Recoñecer as partes da cara e algunhas do corpo humano.
- Formarse unha imaxe positiva de si mesmo, identificando algunha característica propia e desenvolvendo sentimentos de autoestima.
- Identificar e manifestar sentimentos e ser quen de comunicarllelos aos demais, descubriendo tamén os dos outros.
- Orientarse nos espazos habituais.
- Descubrir as posibilidades motrices do propio corpo, coordinando e controlando, cada vez con maior precisión, xestos e movementos.

- Aplicar a coordinación visomanual en actividades gráficas.
- Realizar, cada vez de maneira máis autónoma, actividades habituais.
- Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos da acción e dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de atención, de respecto, de axuda e de colaboración.
- Progresar na adquisición de hábitos de autonomía relacionados coa hixiene, coa comida, co vestido e co descanso, apreciando e gozando das situacións cotiás de benestar emocional.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

- Explorar os obxectos, comparalos e clasificalos según forma, tamaño e cor.
- Comparar e clasificar os obxectos tendo en conta mais de dúas cualidades.
- Identificar formas xeométricas fundamentais: círculo, cadrado e triángulo.
- Recoñecer as posicións espaciais elementais con respecto a un mesmo
- Recoñecer algúns números e cuantificadores.
- Diferenciar as formas de agrupación de diferentes grupos sociais, escola e familia.
- Coñecer as necesidades físicas do noso corpo: hixiene, alimentación, vestido,...
- Participar progresivamente dalgunhas formas da vida en sociedade.
- Coñecer as necesidades físicas do noso corpo: hixiene, alimentación, vestido,...
- Descubrir as relacións entre a propia actuación e as consecuencias que se derivan dela.
- Explorar a través dos sentidos e clasificar os obxectos en función das súas características e as súas funcións.
- Observar os cambios que se producen na natureza polo paso das distintas estacións.

- Interesarse polas festas, costumes e tradicións do medio inmediato.
- Respetar as normas de convivencia básicas nos distintos grupos sociais.
- Mostrar unha actitude de respecto polo medio físico.
- Observar e descubrir os elementos da paisaxe natural, e as características e comportamientos dalgúns animais e prantas.
- Asumir responsabilidades sobre o cuidado e a conservación do entorno.
- Ter unha actitude positiva para cuidar e compartir os xoguetes e obxectos propios con outras persoas.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Estimular a linguaxe oral.
- escoitar con atención contos e historias.
- Manter as quendas de palabra e saber escoitar.
- Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación, de gozo e de expresión de ideas e de sentimentos.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios.
- Ler e interpretar imaxes, pictogramas
- Coñecer e utilizar, dentro das súas posibiidades, a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Identificar as cores: azul, vermella, amarela, rosa, verde, branca e negra.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas e realizar actividades de representación e de expresión, mediante o emprego de diversas técnicas.
- Explorar as posibilidades sonoras dos obxectos.
- Recoñecer sons e a súa fonte de produción.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz e do propio corpo.
- Achegarse ao coñecemento de obras musicais e realizar actividades de expresión, seguindo o ritmo.

- Iniciarse no emprego da lingua estranxeira para comunicar ideas simples, adaptadas ó nivel lingüístico do alumnado e relacionadas co entorno máis inmediato.
- Adquirir habilidades receptivas na lingua estranxeira, que proveñen de fontes orais e demostrar a súa comprensión de forma oral ou mediante accións.
- Interiorizar o vocabulario máis básico da lingua estranxeira.

2.3.2. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: 4 ANOS.

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións. Identificar sentimentos e emocións propios e dos outros, e ser quen de denominalos.
- Desenvolver a percepción e a discriminación visuais.
- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e de autonomía persoal.
- Descubrir as posibilidades motrices do propio corpo, coordinando e controlando xestos e movementos cada vez con maior precisión.
- Aplicar a coordinación visomanual en actividades de motricidade fina.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, das posibilidades e das limitacións propias.
- Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos da acción e dos outros.
- Desenvolver actitudes de respecto, de axuda e de colaboración.
- Realizar actividades habituais cada vez con máis autonomía, desenvolvendo actitudes e hábitos de observación e de atención.
- Progresar na adquisición de hábitos de autonomía relacionados coa seguridade, coa hixiene, coa saúde e co benestar persoais, apreciando e gozando das situacións cotiás de benestar emocional.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

Obxectivos:

- Observar e explorar de forma activa o seu medio, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, e amosando interese polo seu coñecemento.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamento, clasificación e cuantificación, e resolvendo situacións problemáticas.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural (animais e plantas) e algunhas das súas relacións, desenvolvendo actitudes de coidado, de amor, de respecto e de responsabilidade na súa conservación.
- Observar e interpretar o tempo atmosférico.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, valores, formas de vida e oficios relacionados con elas, xerando actitudes de confianza, de respecto, de aprecio e de colaboración.
- Relacionarse cos demais de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer, valorar e respectar os dereitos da Infancia.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación e de gozo, e tamén de expresión de ideas e de sentimentos. Valorar a lingua oral como medio de relación cos demais.
- Achegarse ao uso da lingua escrita como medio de comunicación e de gozo.
- Ler e interpretar imaxes, pictogramas e frases.

- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, amosando actitudes de valoración, de gozo e de interese cara a eles.
- Coñecer, valorar e utilizar de forma axeitada a linguaxe audiovisual e as tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Iniciarse no uso dalgúns instrumentos tecnolóxicos.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas e realizar actividades de representación e de expresión mediante o emprego de diversas técnicas.
- Identificar cores nos elementos do medio.
- Achegarse ao coñecemento de obras musicais e realizar actividades de expresión seguindo o ritmo.
- Explorar e recoñecer as posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais.
- Recoñecer diferentes sons e a súa fonte de produción.
- Realizar actividades de representación e de expresión mediante xestos e movementos corporais.
- Ampliación gradual do coñecemento da lingua estranxeira, identificando expresións progresivamente máis complexas.
- Aumentar a destreza de comprensión oral facendo uso de sinais e instrucións visuais para asociar o significado.
- Estender o léxico activo e pasivo, con énfase neste último e introducindo palabras e expresións propias do nivel.

2.3.3. OBXECTIVOS DIDÁCTICOS: 5 ANOS

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Coñecer e representar o seu corpo, os seus elementos e algunhas das súas funcións.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades ou preferencias, e ser quen de denominalos, expresalos e comunicarllelos aos demais, descubriendo e respectando tamén os dos outros.

- Formarse unha imaxe axustada e positiva de si mesmo, a través da interacción cos outros e da identificación gradual das propias características, posibilidades e limitacións, desenvolvendo sentimentos de autoestima e de autonomía persoal.
- Evitar actitudes discriminatorias, valorando positivamente, respectando e aceptando as diferenzas.
- Descubrir as posibilidades de acción e de expresión, coordinando e controlando xestos e movementos cada vez con maior precisión, valorando as posibilidades e as limitacións propias e as dos demais.
- Comprender e aceptar as regras de xogo, participando na súa regulación e valorando a súa necesidade.
- Aplicar a coordinación visomotora e as habilidades manipulativas en actividades gráficas, adaptando o ton e a postura ás características do obxecto e da acción.
- Realizar, de maneira cada vez máis autónoma, actividades habituais e tarefas sinxelas para resolver problemas da vida cotiá.
- Adquirir e aplicar hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de iniciativa e de esforzo.
- Axeitar o seu comportamento ás necesidades e aos requirimentos dos outros, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, de axuda e de colaboración, evitando comportamentos de submisión e de dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e de actitudes relacionados coa seguridade, coa hixiene e co fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e de benestar emocional.
- Pedir e aceptar axuda nas situacións que o requiran.
- Coñecer e aceptar as normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

- Observar e explorar os obxectos do seu medio de forma activa, percibindo atributos e calidades.
- Respetar e coidar os obxectos propios e alleos.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente, actuando sobre elementos e coleccións, identificando os seus atributos e as súas calidades, e establecendo relacións de agrupamento, de clasificación, de orde e de cuantificación.
- Utilizar a serie numérica para contar obxectos e elementos do medio e tomar conciencia da funcionalidade dos números na vida cotiá.
- Medir o tempo, rexistrando a data no calendario, e situar temporalmente actividades da vida cotiá.
- Observar e explorar o seu medio de forma activa, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos e amosando interese polo seu coñecemento.
- Coñecer e valorar os compoñentes básicos do medio natural, os cambios e as transformacións que se producen, desenvolvendo actitudes de coidado, de respecto e de responsabilidade na súa conservación.
- Gozar das actividades en contacto coa Natureza, valorando a súa importancia para a saúde e para o benestar.
- Observar e interpretar o tempo atmosférico.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida, xerando actitudes de confianza, de respecto e de aprecio.
- Relacionarse cos demais, de xeito cada vez máis equilibrado e satisfactorio, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer características, producións culturais, valores e formas de vida dos compañeiros doutros países próximos á súa experiencia, xerando actitudes de confianza, de respecto e de aprecio.
- Recoñecer algúns sinais de identidade cultural do medio.

- Participar con interese en actividades sociais e culturais.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar a lingua como instrumento de aprendizaxe, de representación, de comunicación e de gozo, e como expresión de ideas e de sentimentos, valorando a lingua oral como medio de relación cos demais e de regulación da convivencia.
- Comprender as intencións e as mensaxes doutros nenos e adultos, adoptando unha actitude positiva cara á lingua, tanto a propia coma a dos demais.
- Iniciarse nos usos sociais da lectura e da escritura, explorando o seu funcionamento e valorándoas.
- Comprender, reproducir e recrear algúns textos literarios, amosando actitudes de gozo e de interese.
- Iniciarse no coñecemento e na utilización dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación, tomando conciencia progresiva da necesidade dun uso moderado.
- Ver algunha produción audiovisual como películas infantís, debuxos animados, videoxogos, documentais de animais... e facer unha valoración crítica dos seus contidos e estética.
- Expresar e comunicar emocións, sentimentos, desexos e ideas, mediante a linguaxe plástica.
- Realizar actividades de representación e de expresión artísticas, mediante o emprego de diversas técnicas e materiais.
- Achegarse ao coñecemento de obras artísticas, gozando da súa observación e da súa interpretación.
- Explorar as posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais, discriminando os seus trazos distintivos e algúns contrastes básicos.
- Participar activamente e gozar na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.

- Achegarse á escoita interesada de fragmentos de obras musicais presentes no medio.
- Descubrir e experimentar con xestos e con movementos, como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Participar en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e xogos de expresión corporal.
- Afondar de forma progresiva no coñecemento e uso da lingua estranxeira, utilizando frases sinxelas que permitan a comunicación de accións simples.
- Incrementar a comprensión oral nas actividades de clase, de forma que non sexa necesaria unha excesiva explicación dos termos e conceptos.
- Iniciarse na expresión oral de forma paralela á adquisición da destreza receptiva.
- Ampliar o vocabulario coa introdución de novas palabras.

3.- CONTIDOS

3.1.CONTIDOS: 3 ANOS

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

Contidos:

- Exploración do propio corpo, recoñecendo progresivamente as súas características e posibilidades para chegar á toma de conciencia do propio esquema corporal.
- A autoestima: identificación e valoración de características persoais.
- Identificación e manifestación de sentimentos propios e dos outros.
- Sensacións e percepcións.
- Experimentación de posturas corporais diferentes.

- Xestión do seu comportamento en función das necesidades das outras persoas e das normas de funcionamento do grupo, dereitos, responsabilidades e comportamentos sociais, camiñando progresivamente cara a autorregulación das súas accións.
- Realización de actividades da vida cotiá, con iniciativa e progresiva autonomía.

Bloque 2: Xogo e movemento

Contidos:

- Nocións básicas de orientación espacial
- Exploración e valoración das posibilidades perceptivas motrices e expresivas, propias e dos outros.
- Adecuación dos movementos de coordinación fina ás tarefas a realizar
- Comprensión, valoración e aceptación de regras para xogar..
- Psicomotricidade: actividade motriz. Xogos con obxectos. Relaxación.
- Control postural: o corpo e o movemento. Grafomotricidade.
- Comprensión, valoración e aceptación de regras para xogar.
- Actitude de axuda e colaboración cos compañeiros.

Bloque 3: A actividade e a vida cotiá

Contidos:

- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Hábitos elementais de organización, de constancia, de atención, de observación e de esforzo.
- Habilidades para a colaboración, interacción e actitude positiva para establecer relacións de afecto e de amizade.
- Satisfacción pola realización de tarefas e a súa valoración.
- O respecto aos animais e ao medio.

Bloque 4: O coidado persoal e a saúde

Contidos:

- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación completa e descanso.
- Utilización axeitada de espazos, de elementos e de obxectos.
- Valoración da actitude de axuda doutras persoas.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida

Contidos:

- Os obxectos e materiais presentes no medio. Percepción e identificación das súas calidades.
- Situación de si mesmo e dos obxectos no espazo: «dentro-fóra», «arriba-abaixo», «enriba-debaixo»...
- Diferenciación: pequeno/grande, moitos/poucos, cerca/lonxe, longo, curto...
- Relacións de orde, seriacións, clasificacións, secuencias temporais, crebacabezas.
- Interese pola exploración de obxectos de forma plana (cadrado, círculo, triángulo).
- Achegamento á cuantificación de coleccións, utilizando o conteo como estratexia.
- Achegamento á serie numérica (1, 2, 3) e aos seus grafos.
- As cores: vermelo, azul, amarelo, verde, marrón.

Bloque 2: Achegamento á Natureza

Contidos:

- Identificación de elementos naturais: auga, sol, plantas, terra e as súas consecuencias.

- Observación, recoñecemento e valoración dalgunhas características e cambios nos seres vivos: as estacións, ciclo vital, etc.
- Observación do tempo atmosférico, os seus cambios e as súas consecuencias.
- Curiosidade, coidado e respecto cara aos animais e ás plantas, e interese e gusto controlado na súa relación con eles. Alimentos de orixe vexetal e animal.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade

Contidos:

- Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade. Coñecer e valorar distintas profesións: xardineiro, médico.
- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento: compartir, resolver conflitos mediante o diálogo, relación equilibrada entre nenos e nenas.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do medio, participando con interese en actividades sociais e culturais.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1: Linguaxe verbal.

Contidos:

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para relatar feitos e comunicar ideas e sentimentos.
- Uso progresivo de léxico preciso e variado.
- escoita e comprensión de contos, de poemas, de adiviñas e de series.
- escoita atenta das intervencións dos demais.
- Achegamento á lingua escrita: palabras, imaxes, pictogramas e frases. Realización de grafos.
- Memorización e recitado dalgúns textos.

- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado.
- Aprendizaxe gradual de léxico moi común na lingua estranxeira: cores, partes do corpo, tempo atmosférico...
- Identificación e expresión de saúdos e despedidas.

Bloque 2: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación

Contidos:

- Medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Concienciación progresiva da necesidade do uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Observación, interpretación e valoración do contido de láminas e ilustracións e análise da información que transmiten.

Bloque 3: Linguaxe artística

Contidos:

- Experimentación e descubrimento das cores: vermella, amarela, azul, verde, rosa, branca e marrón.
- Interpretación e valoración dalgunhas obras de arte.
- Realización de obras plásticas con diferentes materiais e técnicas: láminas, debuxo libre.
- Coloreado de debuxos con boa coordinación óculo-manual e seguindo pautas de cores ou instrucións.
- Recoñecemento de sons do medio natural e social e de instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais.
- Interpretación de cancións.

Bloque 4: Linguaxe corporal

Contidos:

- Descubrimento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais de expresión.
- Participación en actividades de dramatización, danza e xogo simbólico.

3.2.CONTIDOS: 4 ANOS

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

Contidos:

- Exploración do propio corpo. Lateralidade: lados dereito e esquerdo. Esquema corporal. Identificación e valoración progresiva das características propias e dos outros. Identidade sexual.
- Identificación e utilización dos sentidos: sensacións e percepcións. Discriminación auditiva e visual.
- Identificación, expresión e valoración de sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, valentía, autocontrol, autoestima, empatía, heterocentrismo, tolerancia, afrontar a intolerancia.

Bloque 2: Xogo e movemento

Contidos:

- Control postural, nocións básicas de coordinación de movementos e de orientación. O corpo e o movemento.
- Grafomotricidade e a súa realización: traxectos e labirintos.
- Exploración e valoración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas, propias e dos outros.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuíto, relaxación.

Bloque 3: A actividade e a vida cotiá

Contidos:

- Hábitos elementais de observación, de atención, de interese e de esforzo. Valoración do traballo ben feito, por un mesmo e polos outros.
- A actividade da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización.
- Habilidades para a interacción e para a colaboración de forma afectuosa: axuda, solidariedade, colaboración, cooperación, amizade, amor.
- Regulación dos comportamentos propios: esperar a quenda, escoitar os outros, etc.

Bloque 4: O coidado persoal e a saúde

Contidos:

- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal, alimentación (inxesta de alimentos variados, incluíndo os de orixe vexetal), descanso axeitado, respectando os horarios de sono e de vixilia.
- Colaboración no mantemento da orde e da limpeza nos elementos do medio.
- Coñecemento e valoración dalgúns factores de risco.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valorala.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida

Contidos:

- Situación dos obxectos no espazo e no tempo («diante-detrás», «antes-despois», «xuntos-separados», «primeiro-último», «a través»). Resolución de situacións problemáticas: sumas (signos máis e igual).
- Interese pola exploración de obxectos do medio para identificar tamaños (regretas).
- Formas planas: círculo, cadrado, triángulo, rectángulo, óvalo.

- Percepción e identificación de atributos e de calidades de obxectos («alto-baixo», «encollido-estirado», «ancho-estreito», «o máis grande», «liso-rugoso», «grande-mediano-pequeno»), relacionándoos entre si (clasificacións, seriacións, resolución de crebacabezas).
- Situación temporal de actividades da vida cotiá: secuencia temporal.
- Achegamento á cuantificación de coleccións: «moitos-ningún», «cheo-baleiro», «metade», «hai igual», «tantos como/coma», «máis-menos». Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos cardinais (correspondencias entre coleccións).
- Achegamento á serie numérica e ao seu grafo (números 1 ao 7 e as súas regrestas), e a súa utilidade oral para contar. Concienciación da súa funcionalidade na vida cotiá.

Bloque 2: Achegamento á Natureza

Contidos:

- Curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural.
- Observación de fenómenos do medio natural e formulación de conxecturas sobre as súas causas e consecuencias: as estacións. Comparación das súas características. Cambios na vida das plantas, das persoas e dos animais. Ciclo vital dalgunhas plantas e animais.
- Elementos da Natureza (auga, terra, aire) e a súa influencia na vida dos seres vivos.
- Observación dos cambios do tempo e o seu reflexo no calendario da clase.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade

Contidos:

- Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza. Valorar o traballo e os servizos dalgúns profesionais.
- Amosar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes.

- Incorporación progresiva de pautas axeitadas de comportamento.
- Recoñecer algún sinal de identidade cultural do medio e participar en actividades grupais.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1: Linguaxe verbal

Contidos:

- Utilización e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos reais ou fantásticos, para expresar e comunicar ideas ou sentimentos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico.
- Uso progresivo do vocabulario básico, de forma comprensiva e con pronunciación clara e correcta.
- Achegamento ao uso da lingua escrita: discriminación de palabras, de imaxes e de pictogramas, e interpretación deles formando frases. Realización de diferentes grafos, respectando a direccionalidade correcta.
- Uso gradualmente autónomo de diferentes soportes da lingua escrita.
- Comprensión da idea global dalgúns contos populares e doutros, identificando e nomeando os protagonistas e algún outro personaxe deles. Comprensión dalgúns poemas, trabalinguas e adiviñas. Reprodución oral dalgún fragmento deles.
- Expresións comúns para o día a día na clase na lingua estranxeira.
- Aprendizaxe gradual de léxico na lingua estranxeira: números, familia, animais, etc.
- Identificación e expresión de saúdos e despedidas.

Bloque 2: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación

Contidos:

- Concienciación progresiva do uso moderado e valoración dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Iniciación no coñecemento e valoración da utilidade dalgún deles, intentando comprender o seu funcionamento de forma elemental.

Bloque 3: Linguaxe artística

Contidos:

- Experimentación, manipulación e descubrimento dalgúns elementos plásticos e diferentes cores.
- Interpretación e valoración de obras de arte de diferentes autores.
- Expresión e comunicación de feitos, de emocións e de fantasías a través de debuxos e doutras producións, utilizando diferentes técnicas e materiais.
- Recoñecemento de sons do medio, identificando a súa procedencia.
- Exploración e recoñecemento das posibilidades sonoras dalgúns instrumentos musicais.
- Audición interesada de obras musicais, identificando os seus ritmos.
- Participación e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.

Bloque 4: Linguaxe corporal

Contidos:

- Descubrimento e experimentación de xestos e de movementos como recursos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Participación en actividades de dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

3.3.CONTIDOS: 5 ANOS

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque 1: O corpo e a propia imaxe

Contidos:

- O corpo humano: exploración. O esquema corporal: localización e representación. Os sentidos: sensacións e percepcións. Lateralidade: dereita-esquerda.
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo.
- Identificación, expresión e denominación de emocións e de sentimentos, propios e alleos, e o seu control progresivo.
- Formación dunha imaxe positiva de si mesmo a través da interacción cos outros, identificando as características propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, evitando actitudes discriminatorias.

Bloque 2: Xogo e movemento**Contidos:**

- Gusto polo xogo. Coñecemento, comprensión e aceptación das regras de xogo. Participación e confianza nas propias posibilidades.
- Progresivo control do ton, do equilibrio e da respiración.
- Psicomotricidade: actividade motriz, xogo con obxectos, circuíto e relaxación.
- Deportes e xogos de auga. Nocións básicas de orientación e de coordinación de movementos. Labirintos e a súa resolución.
- Realización de actividades grafomotrices.

Bloque 3: A actividade e a vida cotiá**Contidos:**

- As actividades da vida cotiá.
- Iniciativa e progresiva autonomía.
- Normas que regulan a vida cotiá. Hábitos elementais de organización, de atención, de iniciativa, de esforzo; observación.
- Valoración e gusto polo traballo ben feito, por un mesmo e polos demais.

- Habilidades para a interacción e para a colaboración: axuda, gratitude, xenerosidade, amizade e compañeirismo.

Bloque 4: O coidado persoal e a saúde

Contidos:

- Práctica de hábitos saudables de hixiene corporal, de alimentación, de vestido e de descanso, e aceptación das normas de comportamento establecidas.
- A saúde e a enfermidade. Prevención de accidentes.
- Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran e a súa valoración.
- Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados. Valoración axustada dos factores de risco.
- Identificación e valoración crítica ante factores e prácticas sociais cotiáns que favorecen ou non a saúde.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

Bloque 1: Medio físico: elementos, relacións e medida

Contidos:

- Propiedades de obxectos e materiais presentes no medio. Situación de si mesmo e de obxectos no espazo: «entre», «antes de-despois de». Propiedades de obxectos: «aberto--pechado», «rápido-lento», «pesado-lixeiro». Composición de crebacabezas. Formas planas: cadrado, rectángulo, rombo, óvalo e corpos xeométricos: cono, esfera. Clasificación. Ordenación. Seriacións.
- Cuantificadores: «hai máis-hai menos», «metade», «igual que/ca». Nocións básicas temporais: «onte, hoxe, mañá», «mañá, tarde, noite», «antes-despois». Ordenación temporal: historietas. Produto cartesiano. Conteo. A serie numérica ata o 10. Cantidade e grafo. Composición e descomposición do 7, 8 e 9. A funcionalidade dos números. Regretas. Os

números ordinais: 1º, 2º, 3º, 4º, 5º, 6º. Primeiro e último. Situacións problemáticas: suma e resta.

- Medida do tempo: o calendario e o rexistro da data. Os días da semana. Situación temporal de actividades cotiás.

Bloque 2: Achegamento á Natureza

Contidos:

- As estacións do ano e as súas características.
- As vacacións. A area, a auga e o sol: características, conservación e protección. A auga e os seus estados.
- Plantas aromáticas e a súa utilidade. Ciclo vital das plantas. Animais en distintas zonas. Animais de axuda e de compañía, herbívoros e carnívoros. Curiosidade e respecto cara aos animais.
- Conservación e protección da Natureza. Gozo en actividades ao aire libre. Observación do tempo atmosférico, as súas consecuencias e o seu reflexo no calendario. Feitos relevantes: «Día Mundial do Medio Ambiente», 5 de xuño.

Bloque 3: Cultura e vida en sociedade

Contidos:

- A familia e o centro escolar como primeiros grupos sociais. A rúa. Observación de necesidades, de ocupacións e de servizos na vida da comunidade: profesións.
- Habilidades sociais: saudar, despedirse, pedir as cousas por favor, dar as grazas. Incorporación de pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, resolver conflitos mediante o diálogo. Interculturalidade: interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas doutras culturas.
- Recoñecemento dos sinais de identidade cultural do medio e interese por participar neles: «Día Universal da Infancia», «Día da Paz», «O Entroido», «Día do Libro», «Día das Letras Galegas», «Día da Nai»...

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque 1: Linguaxe verbal

Contidos:

- Utilización da lingua oral para comunicar e para expresar ideas, pensamentos e desexos.
- Utilización axeitada das normas que rexen o intercambio lingüístico. Respetar a quenda de palabra, escoitar con atención e con respecto. Uso dun léxico preciso e variado. Estruturación gramatical correcta. Entoación e pronunciación clara.
- Interese pola análise dos aspectos fónicos das palabras. Segmentación de palabras en sílabas.
- Achegamento ao uso da lingua escrita.
- Utilización da biblioteca con respecto e con coidado.
- Textos de tradición literaria: poemas, adiviñas, trabalinguas, refráns, contos populares e contos creados para cada Unidade.
- Expresións comúns para o día a día na clase na lingua estranxeira.
- Aprendizaxe gradual de léxico na lingua estranxeira: días da semana, estacións, comidas, etc.
- Identificación e expresión de agradecemento e desculpa na lingua estranxeira.

Bloque 2: Linguaxe audiovisual e tecnoloxías da Información e da Comunicación

Contidos:

- Iniciación no uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da Información e da Comunicación (teléfono, radiocasete, gravadora, vídeo, cámara de fotos, ordenador, impresora, etc.).
- Aplicación do vocabulario específico. Achegamento a producións audiovisuais e valoración dos seus contidos.

Bloque 3: Linguaxe artística

Contidos:

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, cor, textura, forma, espazo, etc.).
- Identificación das tonalidades: clara e escura das cores.
- Obras de arte: observación, interpretación e gozo.
- Expresión e comunicación de feitos e de emocións a través de producións plásticas, utilizando técnicas e materiais diversos.
- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiáns e de instrumentos musicais.
- Discriminación de sons e dos seus contrastes.
- O timbre dos instrumentos.
- Participación activa e gozo na interpretación de cancións, de xogos musicais e de danzas.
- Audición interesada de obras musicais.

Bloque 4: Linguaxe corporal

Contidos:

- Utilización de xestos e de movementos corporais para a expresión e para a comunicación.
- Representación de personaxes, de feitos e de situacións cotiáns.
- Participación e gozo en actividades de dramatización, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal.

4.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Os criterios de avaliación sérvennos para coñecer a adecuación dos obxectivos propostos: se son axeitados ou debemos por en marcha mecanismos de recuperación (metodoloxías diversas, organización espazos e tempos, selección de recursos e materiais, agrupamento de alumnos/as...). A tal fin nesta programación didáctica recóllense os seguintes criterios de avaliación por área:

4.1. CRISTERIOS DE AVALIACIÓN: 3 ANOS

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Coñecer o propio corpo e nomear partes del.
- Identificar sentimentos e emocións.
- Utilizar as súas posibilidades motoras nas actividades da vida cotiá.
- Afianzar a autoestima.
- Realizar actividades da vida cotiá con iniciativa e progresiva autonomía.
- Identificar progresivamente algunhas nocións espaciais.
- Disfrutar dos xogos e aceptar as súas regras.
- Progresar na súa autonomía.
- Participar con autonomía do coidado e limpeza do seu propio corpo.
- Manifestar hábitos de observación, de atención e de esforzo.
- Establecer relacións de amizade.
- Colaborar e prestar axuda.
- Practicar hábitos saudables.
- Usar axeitadamente os obxectos.
- Pedir axuda e valorar a que lle prestan outras persoas.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

- Situarse no espazo.
- Recoñecer formas planas.
- Explicar a ubicación dos obxectos en relación consigo mesmo e dos obxectos entre sí.
- Utilizar os números para contar elementos da vida cotiá.
- Realizar seriacións, crebacabezas, clasificacións e ordenacións.
- Dicir características das estacións.
- Nomear flores e animais domésticos.
- Coñecer e valorar a súa relación de utilidade.

- Respetar e coidar os seres vivos.
- Observar o tempo atmosférico.
- Coñecer e valorar profesións.
- Participar en actividades culturais.
- Compartir, resolver conflitos.
- Relacionarse con todos e facer amigos.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Comprender e expresar oralmente ideas e sentimentos.
- Recitar poemas e adiviñas.
- Interpretar frases con imaxes e con pictogramas.
- Realizar grafos.
- Coñecer, utilizar e valorar algúns instrumentos tecnolóxicos.
- Recoñecer e utilizar cores.
- Valorar obras de arte.
- Utilizar materiais para a expresión plástica.
- Recoñecer sons do medio e de instrumentos musicais.
- Cantar cancións e realizar xogos musicais.
- Participar en danzas e en dramatizacións con agrado.
- Comprende mensaxes e instrucións sinxelas na lingua estranxeira.
- Implícase no desenvolvemento das clases.
- Amosa curiosidade pola lingua estranxeira.
- Recoñece e diferencia as expresións propias da lingua estranxeira.

4.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN: 4 ANOS

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Explorar o propio corpo. Esquema corporal. Identificar e valorar as propias características e as dos outros.

- Identificar e utilizar os sentidos: sensacións e percepcións, discriminación auditiva e visual.
- Identificar, expresar, denominar e valorar sentimentos propios e alleos: alegría, tristeza, enfado, medo, autoestima, empatía, heterocentrismo, etc.
- Controlar, de xeito progresivo, o ton e o equilibrio nos xogos e nas actividades.
- Coordinar e controlar, cada vez con maior precisión, as habilidades manipulativas de carácter fino. Grafomotricidade: traxectos e labirintos.
- Participar nos xogos, respectando as regras.
- Manifestar satisfacción polas tarefas ben feitas. Valorar positivamente as tarefas propias e as dos outros.
- Desenvolver hábitos elementais de atención, de interese e de esforzo, e habilidades para a interacción, colaboración e cooperación de forma afectuosa: amizade, amor, axuda, solidariedade, respectar a quenda, escoitar os outros...
- Practicar responsablemente hábitos de hixiene corporal, alimentación e descanso.
- Colaborar en manter a orde e a limpeza nos elementos do medio máis próximo.
- Pedir axuda en situacións que a requiran e valorala.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

- Identificar situacións de obxectos no espazo e no tempo («diante-detrás», «antes-despois», «xuntos-separados», «primeiro-último», «a través»). Resolver situacións problemáticas: sumas (signos máis e igual).
- Identificar formas planas.
- Percibir, identificar atributos e calidades de obxectos; relacionalos entre si.
- Situar temporalmente actividades da vida cotiá.

- Achegarse á cuantificación de coleccións. Utilización do conteo como estratexia de estimación e uso dos cardinais (correspondencias entre coleccións).
- Coñecer a serie numérica e os seus grafos.
- Concienciarse da súa funcionalidade na vida cotiá.
- Manifestar curiosidade, coidado, respecto e valoración positiva dos elementos do medio natural.
- Observar os fenómenos do medio natural.
- Interesarse polos cambios que se producen na vida das plantas, das persoas e dos animais.
- Coñecer os elementos da Natureza.
- Observar os cambios do tempo.
- Identificar os primeiros grupos sociais de pertenza, as súas necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade. Valorar o traballo e os servizos que algúns profesionais lle prestan á comunidade.
- Amosar interese e disposición favorable para establecer relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos e con nenas da mesma cultura e doutras culturas diferentes.
- Incorporar progresivamente pautas axeitadas de comportamento: compartir, axudar, cooperar, resolver conflitos mediante o diálogo, etc.
- Recoñecer algún sinal de identidade cultural do medio («Día da Paz», «Día do Libro», «Día das Letras Galegas», etc.). Interese por participar en actividades grupais.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Expresar feitos reais ou fantásticos, sentimentos e emocións, mediante o uso da linguaxe oral.
- Usar, axeitadamente e de forma progresiva, o vocabulario básico con pronunciación clara e correcta.

- Discriminar e interpretar palabras, imaxes e pictogramas, formar frases e lelas de forma comprensiva.
- Realizar diferentes grafos seguindo a direccionalidade correcta.
- Comprender o argumento de contos, de poemas, de adiviñas e reproducir algúns fragmentos.
- Coñecer e usar de forma moderada algúns medios audiovisuais e tecnoloxías da Información e da Comunicación.
- Identificar e nomear algún deles ou as súas partes.
- Experimentar, manipular e descubrir algúns elementos plásticos, e técnicas e materiais diferentes.
- Coñecer e identificar as súas cores en elementos do medio. Experimentar con elas.
- Coñecer e valorar diferentes obras de arte.
- Recoñecer os sons do medio, identificando a súa procedencia.
- escoitar de forma interesada distintas obras musicais, identificando os seus diferentes ritmos.
- Experimentar e explorar con gusto instrumentos e técnicas da linguaxe musical.
- Desenvolver as habilidades expresivas da linguaxe corporal, experimentando e explorando con agrado as posibilidades expresivas do xesto e dos movementos.
- Expresa instrucións sinxelas na lingua estranxeira.
- Participa activamente nas actividades.
- Demostra curiosidade por aprender a lingua estranxeira.

4.3. CRISTERIOS DE AVALIACIÓN: 5 ANOS

ÁREA I: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Recoñecer e nomear distintas partes do corpo.
- Representar a figura humana.
- Identificar os sentidos e as súas funcións.

- Expresar e denominar emocións e sentimentos.
- Amosar unha imaxe axustada e positiva de si mesmo.
- Manifestar respecto e aceptación polas características propias e dos demais, sen discriminar a ninguén.
- Participar activamente en distintos tipos de xogos.
- Respetar as normas que rexen os xogos.
- Controlar o ton e o equilibrio en actividades motrices.
- Resolver labirintos.
- Realizar grafos con precisión progresiva.
- Amosar autonomía progresiva nas diferentes actividades cotiás.
- Amosar progresivamente hábitos de organización, de atención, de iniciativa e de esforzo.
- Amosar habilidades de axuda aos demais: xenerosidade.
- Amosar un aspecto persoal coidado.
- Amosar autonomía na práctica de hábitos relacionados coa hixiene, coa alimentación, co vestido e co descanso.
- Respetar as normas de seguridade.
- Previr accidentes.
- Participar e colaborar no mantemento de ambientes limpos e ordenados.

ÁREA II: COÑECEMENTO DO ENTORNO

- Identificar e nomear propiedades de obxectos: forma, cor, tamaño, peso, estados. Agrupar, ordenar e seriar elementos e coleccións. Discriminar e comparar magnitudes.
- Identificar nocións temporais: «onte, hoxe, mañá», «mañá, tarde, noite». Ordenar historietas.
- Identificar a cantidade e o grafo dos 10 primeiros números. Realizar os seus grafos. Identificar os números ordinais ata o 5º.
- Resolver situacións problemáticas de sumas.

- Rexistrar a data no calendario e situar temporalmente actividades cotiás. Nomear os días da semana.
- Nomear as estacións do ano e as súas características.
- Identificar e nomear plantas aromáticas.
- Identificar e nomear animais herbívoros e carnívoros en distintas zonas, tanto de axuda coma de compañía.
- Rexistrar o tempo atmosférico.
- Realizar accións que favorecen a conservación da Natureza.
- Identificar e coñecer os grupos sociais máis próximos: a familia e o centro escolar. Respetar as normas de seguridade na rúa e nos transportes.
- Identificar profesións e respectalas.
- Amosar habilidades sociais e resolver conflitos.
- Respetar os nenos e as nenas doutras culturas e interesarse polos seus costumes, bailes, comidas típicas, idioma.
- Participar en feitos culturais do seu medio.

ÁREA III: LINGUAXES: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Expresarse con claridade. escoitar e comprender mensaxes, relatos, producións literarias, descricións..., que lle permitan participar na vida da clase. Discriminar o número de sílabas das palabras.
- Discriminar sons semellantes.
- Ler e interpretar imaxes, palabras, pictogramas e títulos de contos.
- Amosar interese polos actos de lectura.
- Utilizar a biblioteca e respectar os libros.
- Coñecer e utilizar algúns medios audiovisuais e tecnolóxicos.
- Distinguir entre realidade e ficción.
- Facer un uso moderado dos medios e das tecnoloxías.
- Expresarse a través de obras plásticas.
- Identificar as tonalidades clara e escura das cores.
- Utilizar diversas técnicas e materiais, e gozar con eles.

- Observar e describir obras de arte.
- Identificar a fonte de produción dalgúns sons e de instrumentos musicais.
- Gozar do canto e da danza seguindo o ritmo.
- Prestar atención ás audicións e gozar con elas.
- Expresarse a través do corpo e dos movementos.
- Participar nas dramatizacións e nas danzas con agrado.
- Amosar unha actitude relaxada.
- Amosa interese pola lingua estranxeira.
- Produce mensaxes orais cun maior grao de dificultade.
- Realiza as tarefas e actividades con interese.

5.- AVALIACIÓN

A avaliación é un elemento curricular de primeira orde para valorar o proceso educativo, é o compoñente imprescindible para coñecer o nivel evolutivo en que se atopan o neno e a nena. A avaliación debe ser obxectiva, axeitada, clara, medible e comparable cun mesmo e a súa evolución. A forma de realizar a avaliación é a través da observación das condutas do neno e do proceso educativo, co fin de reaxustar o proceso ensino-aprendizaxe á situación concreta de cada alumno, tal e como se establece na Orde do 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo de educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

5.1. Avaliación da intervención educativa

As intencións educativas que guían a intervención educativa no proceso de ensino-aprendizaxe requiren a miúdo para a súa verificación dun reaxuste dos contidos do currículo, dos medios e dos recursos, co fin de axeitalos ás características individuais dos nenos. Entendéndoa como tal, debemos preguntarnos como lle benefician ao neno o espazo, os materiais e a actuación do docente. A avaliación así entendida non consistirá en emitir xuízos de valor

sobre o neno ou as súas actividades, senón, na recollida da información necesaria co fin de axustar e perfeccionar todo o proceso.

A **avaliación** é fundamental na práctica educativa, xa que cumpre unha tripla misión:

- Proporciona información sobre os coñecementos previos dos alumnos, os seus procesos de aprendizaxe e a forma en que organizan o coñecemento.
- Permítelles ós mestres coñece-lo grao en que os seus alumnos van adquirindo aprendizaxes significativas e funcionais.
- Posibilita que os escolares descubran o seu desenvolvemento e progreso persoal nas novas aprendizaxes, as súas aptitudes para a aprendizaxe e as súas capacidades intelectuais, intereses e motivacións, actitudes e valores...

En resumo, a avaliación axuda a mellora-lo proceso de ensino-aprendizaxe.

O tipo de avaliación elixido deriva dos criterios metodolóxicos adoptados. Un enfoque educativo que segue criterios construtivistas, integradores, globalizadores e personalizados esixe unha avaliación formativa, continua e global. A selección dos aspectos que se van avaliar debe facerse de maneira que facilite e oriente, polo que propoñemos algúns criterios:

- A progresiva elaboración de aprendizaxes.
- A asimilación integrada dos distintos tipos de contidos propostos.
- A adquisición de capacidades e estratexias.
- O uso de recursos expresivos e o interese e a motivación para aprender.
- O seguimento do proceso personalizado de maduración.
- A adaptación de contidos e procesos á situación e ó ritmo do alumno e da alumna.
- A mellora da acción docente e da metodoloxía empregada.
- A avaliación debe considerar diversos elementos:
- A situación e as posibilidades de cada alumno.

- O ritmo persoal e o desenvolvemento integral de cada neno e nena.
- O proceso formativo que se propón desenvolver.
- A actuación do educador/a e a súa relación cos escolares.
- A calidade dos estímulos que se ofrecen e a súa acción integral no desenvolvemento.
- As condicións materiais e físicas da aula e do centro.
- A relación coa familia como elemento educativo fundamental. De feito, unha das funcións do centro educativo é concreta-las pautas de relación coa familia, o seu contido, o calendario de reunións e o tipo de informes.

5.2. Momentos da avaliación.

Segundo o momento en que se produza, a avaliación terá diversas funcións e modalidades: avaliación *inicial*, *continua* e *final*.

Avaliación inicial

Cada nova situación de aprendizaxe require descubri-lo tipo e grao de coñecemento que o escolar posúe sobre o contido que debe aprender. Isto axúdalle ó mestre/a a planifica-las novas aprendizaxes que propoña na aula. A avaliación inicial efectúase ó principio de calquera secuencia de aprendizaxe, aínda que sobre todo é fundamental na primeira aproximación ó neno/a.

Para iso, resultarán útiles algunhas probas de indagación inicial e a consulta e interpretación da historia escolar dos alumnos. Así mesmo, nun primeiro momento, durante as primeiras sesións, realízase unha valoración inicial dos coñecementos e actitudes cara o tema a tratar, por medio de asembleas onde, mediante o rexistro anecdótico e a observación, anotaranse as ideas previas, prexuízos, etc. Esta información servirá para adaptar os contidos ás súas necesidades.

Avaliación continua

A medida que avanza o camiño educativo, é necesario valora-los progresos, dificultades, bloqueos, etc., dos alumnos para adaptar e orienta-la actividade escolar. A avaliación continua acompaña todo o proceso de formación cunha función reaxustadora. A observación sistemática e individualizada, a anotación

ou rexistro de datos, a interpretación dos rexistros... permiten coñecer como asimilan os escolares a súa experiencia educativa e mellora-la acción de ensino-aprendizaxe. Ao longo do curso, a avaliación basearase na observación das condutas do neno/a e o proceso educativo nas múltiples situacións que se producen ao longo da xornada escolar. Abranguerá diferentes ámbitos: como explora e manipula os obxectos, como se manexa no espazo, como se relaciona cos demais nenos, as súas habilidades sociais... Trátase de recoller toda a información referente ás distintas condutas e situacións significativas que nos axuden a coñecer mellor a personalidade do neno, co fin de incidir sobre elas e melloralas. As familias recibirán periodicamente a información necesaria sobre o progreso das nenas e dos nenos, a través dos boletíns trimestrais (que se entregarán ao rematar o trimestre), das reunións que se realicen coa titora do grupo ou por medio das horas de titorías destinadas a este fin.

Avaliación final

A avaliación final supón unha valoración do grao das aprendizaxes que os alumnos acadaron ó finalizar unha determinada secuencia, co obxecto de adapta-los posteriores períodos educativos ó nivel que conseguiron. Realízase ó remate dun período considerado importante, sobre todo ó final dun ciclo ou dunha etapa. A realización de variadas probas específicas, así como a observación adecuada, facilita datos útiles para elaborar un informe polo miúdo que explique a situación do alumno/a e o oriente para o seu percorrido escolar posterior. Ademais, ao final de cada curso cubriranse os informes pertinentes cos datos que se vaian recollendo ao longo de todo o proceso de avaliación continua, onde aparecerán o grao de adquisición dos diversos tipos de capacidades reflectidas nos obxectivos xerais, destacando ademais as adquisicións acadadas por cada neno/a e as medidas de reforzo ou adaptación empregadas no seu caso.

Cuestionarios de avaliación

AVALIACIÓN INICIAL:

- Cuestionario para a entrevista inicial coas familias.
- Ficha de avaliación inicial en tres, catro e cinco anos.

- Guía de observación do período de adaptación e informe valorativo sobre o mesmo.

AVALIACIÓN CONTINUA:

- Boletíns trimestrais

AVALIACIÓN FINAL:

- Informes anuais de avaliación individualizados.
- Informe individualizado final do 2º ciclo de E.I.

5.3. Técnicas e instrumentos da avaliación.

A **observación directa e sistemática**: será a principal técnica de avaliación, pero tamén se empregarán outras técnicas que axudarán a obter a información necesaria.

- Rexistro anecdótico: no que se recolle información sobre aspectos concretos.
- Cuestionarios, entrevistas, reunións, encontros casuais e intercambios coas familias.
- Cuestionarios e intercambios de experiencias con outros docentes especialistas.
- Análise dos traballos dos alumnos/as. Os datos obtidos a través destas técnicas e instrumentos permitirán realizar unha avaliación por triangulación xa que obtéñense datos do alumnado, do profesorado e das familias que serán contrastados coas observacións e valoracións do titor/a.

AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE

Foi boa a relación entre o docente e o seu alumnado?

Poténciase o traballo en equipo?

Percíbese un ambiente de confianza, distendido, fluído, relaxado, imposto?
.....

Foron as actividades axeitadas ao grupo-aula?

As familias colaboraron no grao que se esperaba?

AVALIACIÓN DE TEMPOS, ESPAZOS E MATERIAIS

TEMPOS

- Foron flexibles?
- Respectáronse os ritmos xerais e particulares?.....

ESPAZOS

- Organizáronse axeitadamente?
- Permitiron o desprazamento dos alumnos?
- Favoreceron o intercambio de ideas?
- Favoreceron a autonomía?
- Fomentaron o espírito de orde?

MATERIAIS

- Están ao alcance d todos?
- Localízanse visualmente con facilidade?
- Foron: educativos, motivadores, axeitados, socializantes, non sexistas, atractivos, suficientes, seguros, limpos, estimulan a imaxinación.....

5.4. Características da avaliación.

Tendo en conta a normativa, a avaliación que realizaremos terá tres características: global, continua e formativa, o que conleva avaliar o deseño e desenvolvemento de cada UD, centro de interese ou proxecto programado, a selección de obxectivos e contidos, tipos e gradación das actividades, o ambiente que se crea na aula, a distribución de espazos, así mesmo a accesibilidade dos materiais, a atención ao alumnado individualmente e en grupo cooperativo, a comunicación coas familias, a coordinación co profesorado e tamén a idoneidade da tarefa docente.

A continuación analízanse estas características.

a) Carácter global: xa que non só atende ó desenvolvemento das capacidades dos alumnos/as, senón que ten en conta o proceso de ensino e a propia práctica docente.

b) **Carácter continuo**: permite coñecer como se está levando a cabo o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

c) **Carácter formativo**: pois permite modificar aspectos susceptibles de mellora.

6.- CONTRIBUCIÓN ÁS COMPETENCIAS

Respecto ás competencias básicas na etapa da Educación infantil, o Decreto 330/09 do 4 de xuño sinala que aínda que veñen indicadas para o ensino obrigatorio, é preciso que o seu desenvolvemento se inicie dende o inicio da escolarización, de xeito que a súa adquisición se realice de forma progresiva e coherente.

No marco da proposta realizada pola Unión Europea establecéronse oito competencias básicas e a adquisición destas competencias traballarase do seguinte xeito:

- **Competencia en comunicación lingüística**: achegando aos nenos/as ás distintas formas de expresión e comunicación nos distintos contextos, a través de rutinas como a lectura do conto, as asembleas, e realizando actividades nas que animamos os nenos e nenas a que se expresen a través de tódalas linguaxes.
- **Competencia matemática**: introducindo ao alumnado nas operacións matemáticas mediante problemas da vida diaria e o desenvolvemento da intelixencia práctica, con actividades como o reconto diario de nenos, nenas e nenos máis nenas, a través do traballo co calendario, o reparto de material...
- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico**: dado que é fundamental que os nenos/as interaccionen co medio que lles rodea para aprehender a realidade inmediata, a través dos experimentos semanais nos que observamos e experimentamos cos cambios físicos da auga, observando o cambio no entorno segundo as estacións...
- **Tratamento da información e competencia dixital**: para que as novas tecnoloxías rematen sendo algo rutinario nas actividades de aula, con actividades como o traballo semanal coa pizarra dixital, utilizando internet como unha fonte máis de información...

- Competencia social e cidadá: a educación en valores é algo fundamental na programación, sobre todo os ligados á socialización e a vida en democracia. Estes valores trabállanse en rutinas diarias como a asemblea onde se aprende a respectar o quenda de palabra, a valorar as opinións dos demais...nas normas de cortesía diarias onde saudamos ao chegar á escola, pedimos as cousas por favor e damos as grazas...
- Competencia cultural e artística: traballámola tanto dende a transversalidade, coidando o gusto pola orde e a estética, como de xeito puntual nalgunhas actividades onde experimentamos directamente con obras artísticas.
- Competencia para aprender a aprender: dotando de medios e recursos ao alumnado que lles permitan resolver determinados problemas por si mesmos o con axuda dos seus iguais.
- Autonomía e iniciativa persoal: tratando de que os nenos/as acaden un grado de autonomía acorde ca súa idade.

7.- METODOLOXÍA

A metodoloxía que levaremos a cabo parte da aprendizaxe significativa de Ausubell, segundo o cal o alumno establece conexións e relacións que lle permite integrar o novo no xa coñecido e para poder realizar isto é necesario un sondaxe inicial que correspondería a avaliación inicial.

Dende o punto de vista pedagóxico baseamos a nosa metodoloxía nas ideas da Escola Nova. Partimos das necesidades dos nenos para axustar a eles todo o proceso educativo. O profesor actúa como eixe motivador do alumno e facilitará a actividade do neno deixándolle facer todo, ofrecéndolle unha dispoñibilidade permanente e con distintas actividades e materiais variados e polivalentes.

Os principios pedagóxicos nos que fundamentamos a nosa actuación docente son:

- **Actividade:** os nenos aprenden mediante o exercicio, o poden facer dunha forma individualizada ou colectiva, sexa tanto en grupo grandes, medianos ou pequenos. A maior parte das actividades necesitamos que participen activamente por exemplo: na comprensión dos contos, nos coloquios, na realización das tarefas individuais...

- **Interese:** baseámonos nos intereses dos nenos para desenvolver a nosa labor educativa.
- **Individualización;** axustamos o noso traballo ás capacidades e necesidades individuais de cada neno co fin de facilitarlles o aprendizaxe. Cada alumno ten un ritmo de maduración e un estilo de aprendizaxe, por eso os contidos ofrecen a posibilidade de adaptar a cada un dos ritmos, coa finalidade de respectar as diferencias individuais dentro do grupo. Para conseguir todo isto é fundamental a avaliación continua
- **Socialización:** é fundamental na educación Infantil a interacción e participación, constitúe un importante recurso metodolóxico, xa que as relacións, as inevitables pelexas e as reconciliacións axudan ó neno no proceso de socialización. O xogo establece vínculos afectivos nos nenos e é un recurso motivador, por elo as actividades deberán ser fundamentalmente lúdicas, atractivas e integradoras
- **Globalización:** o pensamento do neno é global, é dicir, percibe a realidade como un bloque e non dividida en compartimentos; é necesario traballar a realidade como un todo para pouco a pouco ir pasando a ensinar ós alumnos a fixarse en distintos aspectos, por elo deseño actividades que contemplan a utilización simultánea o sucesiva de distintos tipos de contidos e de distintas áreas.

Tamén teremos en conta o principio de **motivación** a colaboración familia escola...

A **organización dos espazos e os tempos** será flexible, establecéndose estes a través de momentos significativos. A organización do tempo en momentos significativos responde a unha intencionalidade pedagóxica. As rutinas son un gran recurso didáctico que facilita a toma de conciencia do paso dunha situación a outra. O neno necesita que unha rutina siga sempre a outra. Como consecuencia da importancia das rutinas na vida cotiá, unha forma de organizar o tempo é a base de momentos significativos, que son fixos na súa secuencia pero absolutamente flexibles na súa duración, dependendo do interese do grupo.

Os agrupamentos serán variados en función das necesidades dos alumnos e do tipo de actividade que leve a cabo. Utilizarase a forma de media lúxa para as asembleas, debates, intercambio de ideas, hora do conto etc. Tendo en conta a

idade dos alumnos e os obxectivos plantexados poderase traballar individualmente, por parellas, pequeno grupo e gran grupo. Utilizarase a técnica da monitorización para aqueles alumnos que presenten máis dificultades.

Os recunchos que podemos atopar dentro da aula pódense dividir en dous grupos

- Fixos: como pode ser o recuncho das novas tecnoloxías,? do xogo simbólico, das letras, de investigación, das mans creativas rincón de reciclaxas, contos, dramatización...
- Móviles: observación e experimentación, dos animais...

Os **recursos** serán variados, polivalentes, e polipersonais. Partirase de que o propio alumno é o mellor recurso para se mesmo e que o seu corpo é o referente principal do tratamento dos diferentes contidos. Os recursos, ademais, serán seleccionados en función de criterios como: accesibilidade, motivación, adecuación ás características psicoevolutivas, seguridade, validez e habilidade. Estarán referidos tanto ao material do alumno, como ao achegado polo profesorado, ao do aula, o centro, o entorno, achegado polos pais e material de refugallo.

Á hora de secuenciar as actividades priorízase estratexias de vivenciación e oralización para seguir coa simbolización e o espazo gráfico, e en todo momento terase en conta os períodos de máxima plasticidade do alumnado e os momentos de fatiga.

Ofreceránselles modelos axustados a nivel comportamental, actitudinal e comunicativo tendo en conta o grao de dependencia dos alumnos a esta idade, en relación aos adultos significativos.

– **INTERRELACIÓN FAMILIA-CENTRO EDUCATIVO**

É de suma importancia a actitude próxima e dialogante do educador coas familias, xa que a educación dos nenos é competencia de pais e de docentes. A colaboración debe ser o máis fluída posible, e debe producirse nun clima de confianza e de mutuo respecto.

O intercambio de información debe darse por ambas as dúas partes: por parte do docente á familia, para informalos das actividades que se realizan no centro, da actitude do neno e das súas relacións, dos problemas que xurdan; por parte

da familia ao centro sobre o desenvolvemento evolutivo e emocional do neno, da súa actitude na casa, se hai algunha necesidade especial que debe atenderse, etc.

O transvasamento de información pode producirse de diversas formas:

- **Reunións grupais informativas** con tódalas familias do grupo, que tratarían de aspectos xerais, organización, horarios, obxectivos e contidos que se van impartir, actividades extraescolares que requiran a conformidade e o acompañamento dos pais, orientacións pedagóxicas, etc. Nestas xuntanzas, as familias coñécense e toman contacto entre elas. É aconsellable realizar unha xuntanza antes de comezar o curso e, polo menos, unha por trimestre escolar.
- **Entrevistas individuais:** son imprescindibles para obter información xeral sobre o neno, os datos básicos familiares e as expectativas que a familia ten sobre o seu fillo; así como para transmitir información por ambas as dúas partes sobre a avaliación ou problemas puntuais que poidan xurdir. No noso centro dispoñemos dunha hora de titorías reservada no noso horario de permanencia no centro que será o luns de 16:30 a 17:30. Este curso académico, e sempre que sexa posible, as titorías coas familias levaranse a cabo de xeito telefónico. Tamén contamos cun correo electrónico e con Abalar Móbil, aplicación da cal dispoñen a maioría das familias.

Así mesmo, as familias tamén teñen a súa representación no centro a través do Consello Escolar, e poden formar parte tamén da ANPA.

- **Reunións festivas:** relacionadas coas festas propias do centro nas que voluntariamente participarán, colaborarán ou simplemente asistirán (sempre e cando a situación sanitaria actual o permita).

Boletín de información trimestral

Entregarase ao final de cada trimestre; nel, a familia pode atopar información da evolución do seu fillo.

Debemos facer fincapé en que nunca deben comparar a marcha das aprendizaxes de cada neno coa dos outros, xa que cada un é diferente debido

ás súas posibilidades e limitacións, ten un ritmo de aprendizaxe e que o máis importante é animar o neno, potenciando a súa autoestima, pois «un neno cun autoconceito positivo de si mesmo nunca atopará barreiras».

8.-MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

O proceso educativo do alumnado, tenderá ao desenvolvemento das competencias ou capacidades establecidas nos obxectivos xerais das respectivas etapas educativas do colexio. Rexeráse polos principios de calidade e inclusión garantindo a igualdade de oportunidades e facendo efectivo que cada alumno e alumna desenvolva ao máximo as súas posibilidades.

En termos xerais, a intervención educativa partirá do nivel de coñecementos previos e a zona de desenvolvemento próximo de cada alumno e alumna, respectando o seu ritmo de aprendizaxe, co obxectivo de que vaia construíndo o seu coñecemento e desenvolvéndose conforme ás súas potencialidades..

Diferenciamos dúas modalidades de atención: unha atención xeral e a atención no caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

En canto á atención xeral, como norma, acomodaremos o proceso de ensino-aprendizaxe ás condicións particulares de cada neno ou nena, o que se pode traducir nunha flexibilización metodolóxica, organizativa e/ou de cooperación familiar.

Entre as características do noso alumnado, ademais da diversidade lóxica dun grupo heteroxéneo, contamos con nenos e nenas que presentan certas dificultades na linguaxe oral, aspecto que traballaremos dentro da aula a través da asemblea e outras actividades de estimulación da linguaxe oral (actividades bucofonatorias, xogos de sopro e movementos faciais, recitado e expresión oral de poesías e outros textos...).

Así mesmo, na aula de 3 anos contamos con alumnado procedente do estranxeiro. Unha nena que aínda que comprende o castelán só se expresa en inglés. Con dito alumnado, traballamos numerosas actividades de integración no grupo, adquisición de vocabulario e conceptos, praxias... e, grazas á inmersión lingüística e ás medidas levadas a cabo, os nenos e nenas presumiblemente irán

adquirindo as nosas linguas. De non ser así, contamos co apoio e asesoramento do departamento de orientación.

Tamén contamos en 5 anos cunha alumna con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (TRIPLE XXX). A súa intervención educativa planificarase en colaboración co Departamento de Orientación, tanto dende o punto de vista curricular coma organizativo. Estará fundamentado nos informes psicopedagóxicos, a avaliación inicial e información recollida polo profesorado. A adopción de medidas de atención á diversidade de carácter ordinario ou extraordinario serán comunicadas ás familias e a o equipo directivo. Así mesmo conta co apoio do especialista de Audición e Linguaxe.

Medidas ordinarias

Considéranse medidas ordinarias de atención á diversidade todas aquelas que faciliten a adecuación do currículo prescriptivo, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural dos centros educativos e ás características do alumnado. Estas medidas teñen como finalidade dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxe, e están destinadas a facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas.

- Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adecuación da programación didáctica ao contorno e ao alumnado.
- Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Desdobramentos de grupos.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- Programas de enriquecemento curricular.
- Programas de recuperación.

Medidas extraordinarias

Considéranse medidas extraordinarias de atención á diversidade todas aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidade específica de apoio educativo que poden requirir modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñer cambios esenciais no ámbito organizativo, así como, de ser o caso, nos elementos de acceso ao currículo ou na modalidade de escolarización. Aplicaranse unha vez esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes. Para a súa aplicación será necesaria a autorización da dirección do centro educativo, do Servizo de Inspección Educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda, e, se é o caso, informe xustificativo do correspondente Servizo de Orientación.

- Adaptacións curriculares.
- Agrupamentos flexibles.
- Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe.
- Flexibilización da duración do período de escolarización.
- Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.
- Grupos de adquisición das linguas.
- Grupos de adaptación da competencia curricular.

9.-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Os membros do equipo avaliarán as propostas e decidirán a realización das mesmas en base ós seguintes criterios:

- Contidos interesantes e formativos.
- Motivadoras, participativas e axeitadas a cada nivel.
- Que teñan como prioridade o coñecemento de entorno.
- Relacionadas cos contidos do curso.
- Que fomenten a convivencia entre os nenos/as.

Celebraranse as conmemoracións recollidas na Orde de calendario escolar (Orde 19 de maio de 2021 pola que se aproba o calendario escolar para os curso 2021-2022) e outras actividades (saídas, visitas..) en función da evolución da pandemia e garantindo a seguridade dos nenos e nenas.

10.- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.

Para o desenvolvemento dos obxectivos recollidos no Plan de Convivencia, levaranse a cabo as seguintes propostas:

- Saudar ó entrar e sair da aula: dialogar; vivenciar distintos tipos de saúdos...
- Respetar o turno de palabra:
- Compartir materiais e xoguetes en cada actividade.
- Coidar os materiais comúns.
- Non pelexar na fila.
- Non excluír a ningún compañeiro nos xogos espontáneos.
- Pedir as cousas “por favor” e dar as grazas.
- Recoller e ordenar os materiais e xoguetes empregados.
- Respetar o traballo do compañeiro/a nas tarefas colectivas e individuais.

11.-CONCRECIÓN DO PLAN DAS TICS PARA O CICLO

Obxectivos:

- Posibilitar unha aprendizaxe individualizada.
- Desenvolver a autonomía no traballo e no xogo.
- Sentar as bases dunha educación tecnolóxica.
- Desenvolver a orientación espacial.
- Manexar os diferentes programas propostos sendo capaces de seguir a secuencia correcta de órdenes para a súa correcta utilización.
- Recoñecer o ordenador como un elemento cotidiá do noso contorno.

Contidos:

- Programas:

- Selección de iconas do escritorio para executar programas.
- Uso de preogramas sinxelos nos que se fagan seleccións con rato e /ou teclado.

Recursos materiais:

- PDI, ordenadores da biblioteca e canón e equipo de audio para as proxeccións.

Metodoloxía:

- Utilización do ordenador da aula por parte dos docentes como un recurso máis dentro das unidades didácticas, proxectos,...como búsqueda de información, programas informáticos, visionado de dvd,...

Criterios de avaliación:

- Utilizar os recursos informáticos para comunicar e coñecer, para crear e reproducir.
- Comprender os aspectos traballados.
- Buscar información, relacionar conceptos e evocar aprendizaxes anteriores.
- Respetar e valorar as normas de utilización da aula e do computador.

12.- RECURSOS DIDÁCTICOS

Para o desenvolvemento da intervención educativa contarase con recursos de tipo material, humano e ambientais. Todos eles serán variados, polivalentes e polipersoais. Estarán seleccionados en función de criterios como: Accesibilidade, motivación, adecuación ás características psicoevolutivas, seguridade, validez e habilidade.

Dentro dos **recursos de tipo material** debo destacar:.

- Os recursos e materiais xenerais da aula:
- Funxibles (folios, ceras, plastilina, pinturas, cartolinas, materiais específicos das unidades, proxectos etc como froitas...)
- Non funxibles(tesoiras, quebracabezas, ensartables, punzóns, regras, disfraces...)
- Os recursos tecnolóxicos: vídeo, ordenador...importantísimos para traballar cos nenos e fomentar así a súa competencia con este material.

Este curso académico, e para garantir a seguridade dos nosos nenos e nenas, os materiais serán de uso individual, contando cada alumno/a cun *tupper* co material que vai a precisar para realizar as actividades de tipo individual. Tamén contaremos con outro material compartido que será desinfectado ou posto en corentena despois do seu uso.

A necesidade de diferentes **recursos humanos ou persoais** tamén faise patente se temos en conta, que ademais destes recursos materiais, a intervención do profesorado será verdadeiramente eficaz, se é realizada de forma coordinada e coherente cos diferentes axentes educativos. Polo tanto, neste caso sería **os mestres** (titor, relixión, inglés...), **a familia e o propio neno**, xa que non se debe esquecer que o alumno é o mellor recurso para si mesmo e o seu corpo é o referente principal do tratamento dos diferentes contidos

Os mestres de Educación infantil deberán traballar de forma coordinada cos do primeiro ciclo de Educación Primaria para que o progreso do alumnado de cara o cambio de etapa realícese de forma progresiva e coherente.

Por último atópamos os **recursos ambientais**, que correspondería o espazo onde o alumno realiza a adquisición de novos contidos como son a aula, o ximnasio, o patio cuberto, o xardín do colexio, e os espazos onde realizaremos diferentes actividades complementarias das diferentes propostas.

É importante tamén destacar a importancia da colaboración do centro cas diferentes institucións, organismos ou asociacións educativas, lúdicas ou culturais e sobre todo coa familia. Con esta última estableceranse diferentes canles de participación e información mantendo un clima de confianza e colaboración dende o mesmo momento da entrevista e cuestionarios iniciais.

13.- ACTIVIDADES COMÚNS PARA REALIZAR AO LONGO DA EDUCACIÓN INFANTIL

Con relación á aprendizaxe da lectoescritura, as actividades serán:

ACTIVIDADES :

- APRENDIZAXE DA LECTOESCRITURA

Traballaremos cos distintos tipos de texto: nome propio, nome común, data e listas así como os contos.

Iniciaremos coa escritura do propio nome e o dos compañeiros.

Partiremos do nome propio de cada pequeno.

Coñeceremos a variedade de letras

- CAIXA DOS NOMES

Serán letras móbiles para xogar e coas que compoñer o propio nome.

- LETRAS DE FOAM E/OU MAGNÉTICAS

Letras e pizarra para compoñer os nosos nomes e os dos compañeiros.

- ESCRIBO O MEU NOME

Os nenos terán tarxetas co seu nome para poder escribilo nas actividades impresas.

- O ENCARGADO

A diario, na asamblea, compoñeremos o nome do encargado con letras móbiles de velcro.

- QUEN FALTA?

O encargado le no panel de asistencia os nomes dos nenos que non foron ese día ao colexio.

- LISTAS

Facemos listas de ingredientes, de agasallos, de cousas a traer ao cole para unha manualidade,...

- ATOPAMOS TEXTOS ESCRITOS

A contorna que rodea aos cativos está chea de texto que cómpre axudarlles a atopar: nas camisetas, nos carteles, nos anuncios,... Buscarémolas

- CREAMOS OS NOSOS LIBROS.

Elaboramos os nosos libros: de pequenos proxectos, de contos...

- CONTOS

A diario haberá adicaremos un tempo para sentar e gozar dun conto. A aula conta cunha selección de libros feita pola biblioteca para que os máis pequenos atopen o gusto polos libros. Ao traballar cos contos sempre falamos das partes que o configuran e do seu autor e ilustrador.

- ACTIVIDADES DE LÓXICA-MATEMÁTICA

Faranse actividade variadas ao longo do día:

- Nas rutinas: pasar lista, o tempo, poñer a data, os anos de cada un, actividades co nome propio.
- Nos contos: paxinar, número de personaxes, secuenciar, orientación espacial, partes dun conto, sintetizar, numerar, códigos.
- No arte: figuras xeométricas, localizar obras,..
- Na vida: números das casas, sinais de tráfico,...

- ACTIVIDADES E RUTINAS DIARIAS

- PASAMOS LISTA

Na clase temos listas de diferentes formas: con fotos, con nomes ou mediante un listado de nomes nun folio que nos servirán para pasar lista.

- NOSO CALENDARIO

Temos un calendario no que marcaremos datas significativas: aniversarios, saídas, actividades importantes, o tempo. Isto axudaranos a calcular os días que faltan para algún acontecemento concreto. Tamén vemos que día é hoxe, cal foi onte, e cal será mañá.

- QUE DÍA É HOXE

O encargado completa o panel plastificado reflectindo nel o día o mes e a estación.

- ANIVERSARIO

Falamos dos anos que cumpren, que os indiquen cos dedos, a data de nacemento,..

- ACTIVIDADES NOS RECANTOS

Na aula contamos con diferentes recantos para aproximar aos nenos á arte, ao goce pola lectura, ao disfrute de construír cousas e comprender mellor a vida diaria e a iniciarse no mundo dixital: recuncho da biblioteca, do ordenador de da pizarra, da casiña ou das manulidades, serán algúns deles.

14. SITUACIÓNS EXCEPCIONAIS DERIVADAS DA COVID-19

No caso de ter que levar a cabo unha nova situación de confinamento no centro, a formación do alumnado continuará de xeito telemático, mediante Abalar,

correo electrónico a que terán acceso desde a web do centro. Nela colgaranse videos explicativos, tarefas, audios, actividades...

15. PERIODO DE ADAPTACIÓN

O período de adaptación é o intervalo de tempo que o neno e a nena precisan para asimilar os cambios producidos ao incorporarse ao ambiente escolar.

A súa necesidade está xustificada en numerosa lexislación, no Decreto 330/2009 do 4 de xuño así como na Orde do 25 de xuño de 2009, na Orde do 22 de xullo de 1997 e na Orde do 19 de maio de 2021 pola que se establece o calendario escolar para este curso académico.

Este ano, o período de adaptación non se prolongará máis alá do 21 de setembro.

A organización deste período consistirá:

- Distribución do alumnado en dous grupos nos primeiros días e, despois de varios días, nun único grupo.
- Organización flexible e progresiva do tempo de permanencia no centro.
- Organización flexible dos espazos e das actividades, orientadas a coñecer a aula, o centro e os compañeiros/as e mestres/as que acompañarán aos nenos e nenas neste curso académico, hábitos de hixiene, sempre tendo en conta as medidas de prevención ante o coronavirus.

Previamente ao inicio das actividades lectivas, realizamos as entrevistas iniciais coas familias do alumnado de 4º de EI.